

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Anuncio polo que se procede a darlle publicidade á Resolución do 26 de xullo de 2005, da Dirección de Área Sanitaria de Ferrol, pola que se convoca unha oferta de selección temporal dun facultativo especialista en neuroloxía.

A citada resolución estará exposta na mesma data da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, nos taboleiros de anuncios do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Profesor Novoa Santos e da Dirección Provincial do Sergas na Coruña.

A solicitude poderá presentarse no prazo de 10 días contados desde o seguinte ao desta publicación.

Ferrol, 26 de xullo de 2005.

Juan José Fernández Ramos
Director de Área Sanitaria

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA
NÚMERO UN DA CORUÑA**

Edicto (182/2005-T).

Nos autos de referencia o día 7-6-2005 ditouse sentenza cuxo encabezamento e parte dispositiva teñen o seguinte teor literal:

«Sentenza.

Na Coruña, o sete de xuño de dous mil cinco.

Vistos por min, Marta Canales Gantes, maxistrada-xuíza do Xulgado de Primeira Instancia número un dos desta cidade os presentes autos de xuízo verbal seguidos co número 182/2005-T, sobre reclamación de cantidade, sendo parte demandante a entidade *Unión Financiera Asturiana S.A.- Establecemento Financiero de Crédito*, representada polo procurador José L. González Martín e coa asistencia letrada de Alfredo Prieto Valiente e parte demandada, Amalia Teresa Bascuñana García, en situación procesual de rebeldía.

Decido que, estimando integramente a demanda interposta polo procurador José Luis González Martín, en nome e representación da entidade *Unión Financiera Asturiana, S.A.*, contra Amalia Teresa Bascuñana García, declarada rebelde, debo:

1. Declarar e declaro resolto o contrato de préstamo asinado entre ambas as partes o 6 de xuño de 2002.

2. Condenar e condeno a demandada a que lle aboe á entidade demandante a cantidade de dous mil novecentos oitenta e dous euros con setenta céntimos (2.982,70 €), máis os xuros legais correspondentes desde a data da presente resolución e ata o efectivo pagamento.

3. Condenar e condeno a demandada ao aboamento das custas causadas.

Notifíquelles ás partes e fágaselles saber que contra esta sentenza se poderá interpor recurso de apelación ante a Audiencia Provincial da Coruña no prazo dos cinco días seguintes á súa notificación, preparándose ante este mesmo xulgado con suxeición ao disposto nos artigos 455 e seguintes da Lei de axuizamento civil.

Así, por esta miña sentenza, da cal se expedirá testemuño para a súa incorporación aos autos, pronúncio, mándoo e asínoo».

Publicación: a anterior resolución foi lida e publicada pola maxistrada xuíza que a subscribe no día da data estando a celebrar audiencia pública. Dou fe.

E para que lle sirva de notificación a Amalia Teresa Bascuñana García, expídese este edicto na Coruña o trinta de xuño de dous mil cinco.

O/A secretario/a
Rubricado

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA
NÚMERO DEZ DA CORUÑA**

Edicto (54/2005-E).

Enriqueta Roel Penas, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia número dez da Coruña, certifico que, nos autos seguidos neste xulgado co número 54/2005 por instancia de Jocelyn del Valle Ortiz Hernández, sobre divorcio contencioso se ditou a sentenza cuxo encabezamento e parte dispositiva son do teor literal seguinte:

«Sentenza.

Vistos por Ángel Barrallo Sánchez, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia número dez da Coruña e o seu partido, os presentes autos de divorcio contencioso, seguidos neste xulgado co número 54/2005, por instancia de Jocelyn del Valle Ortiz Hernández, representada polo procurador Sr. Bejerano Pérez, contra Leonardo Arturo Carrillo Barrios, en situación de rebeldía procesual, sendo parte o Ministerio Fiscal.

Decido que, estimando en parte a demanda interposta polo procurador Jorge Bejerano Pérez, debo